

Os 15 anos do Grupo Bilbao: algunhas reflexións

XAVIER FRÍAS CONDE
UNED
xfrias@flog.uned.es

Recibido: mayo de 2012 Aceptado: junio de 2012

Resumo: O Grupo Bilbao é un movemento literario, predominantemente poético, nacido en 1996, de escritores de expresión galega. Presenta unha serie de características interesantes desde o punto de vista literario, como que é unha continuación doutros movementos literarios galegos en Madrid, recolle as características da chamada literatura de fronteira e funciona como un grupo de auto-apoio. Este grupo literario, que non xeración, ten xa unha dilatada historia onde se recollen actividades nomeadamente poéticas na cidade de Madrid, ben como edicións literarias, das cales daremos noticia en parte aquí.

Palabras clave: Grupo Bilbao, literatura de expresión galega, poesía galega en Madrid.

Abstract: The so-called Grupo Bilbao is a current literary movement of writers in Galician, mainly devoted to poetry, born in Madrid in 1996. It shows a series of interesting features from a literary point of view, such as being the continuation of some previous literary Galician movements in Madrid, being adscribed to the so-called border literature and working out as a self-support group. This group (it cannot be considered as a literary generation) has already had a long history that includes collective recitals in Madrid, as well as literary publications to be studied here.

Key words: Grupo Bilbao, writers of Galician literature, Madrid Galician poetry.

1. O GRUPO BILBAO COMO REPRESENTANTE DUN COLECTIVO DE ESCRITORES DE FRONTEIRA


O Grupo Bilbao (GB) foi xa definido (Frías 2007), como un colectivo de escritores de expresión galega residente en Madrid creado en novembro de 1996. Cando nos referimos a eles como un grupo *de expresión galega* no canto de un

grupo simplemente galego, iso é debido á procedencia diversa dos seus membros. Deste asunto imos ocuparnos máis adiante, porque ten unha grande importancia.

Cómpre dicir que o aniversario pasou desapercibido en Galiza, nomeadamente no mundo académico. O Grupo Bilbao ten como un dos seus signos de identidade o ser practicamente ignorado en Galiza ao nivel académico, cuestión á que máis adiante tamén lle dedicaremos máis espazo, analizando os motivos disto, mais asemade non se pode perder de vista que, precisamente, esta situación de ignorancia desde o núcleo da canonización é un dos argumentos que nos permiten considerar o GB como un representante da literatura de fronteira.

Imos tomar aquí o concepto de literatura de fronteira aplicado aos escritores en lingua española residentes nos Estados Unidos. Dese modo, existe un colectivo que escribe nunha lingua A (neste caso o galego), mais que vive nunha contorna lingüística totalmente diferente, onde se fala unha lingua B (neste caso o castelán). Hai evidentemente moitos outros exemplos disto, como os escritores de expresión árabe que viven en París, mais no caso que nos concirne, as linguas A e B son linguas irmás e os escritores continúan a vivir no mesmo país, isto é, deslócense de Galiza para Madrid nalgúns casos, mais o caso do GB é aínda máis peculiar por pertenceren a el escritores alógrafos, un fenómeno que resulta de grande interese.

A situación dos escritores de fronteira en xeral podería ser ilustrada do seguinte xeito:



Enténdese que os escritores de A manteñen a súa lingua literaria no espazo de B (exclusiva ou parcialmente). Porén, o uso da lingua B polos escritores de A é tamén posíbel, o cal significa que a miúdo os escritores do GB empregan o castelán en maior ou menos medida, mais existe en todos eles un interese especial por manter a lingua A, de feito unha lingua minoritaria (concretamente no

espazo de B, independentemente de que o sexa no seu territorio de orixe). Eis por tanto o elemento chave da cohesión do GB: a lingua.

Non se pode negar que existe unha tensión de B sobre A, mais a dita tensión non é igual agora que hai uns anos, que era noutros momentos anteriores ao GB en que podía ter un compoñente político (mesmo de referencia ao franquismo). O vínculo esencial do grupo é, xa que logo, o idioma galego, cultivado en circunstancias adversas, sen que iso impida que a maioría dos escritores do GB sexan escritores bilingües, mais cada caso ha de ser estudado independentemente, pois o convivio entre a lingua A e a B en cada autor é unha cuestión individual.

E é xustamente neste contexto onde eu situaría o nacemento do GB e o seu posterior desenvolvemento. É por iso que o GB ten moito de grupo de auto-apoio, como afirmaba anteriormente, pois nel comezaron a súa carreira literaria diferentes autores arroupados polos demais membros do grupo. Ademais dese auto-apoio, o GB representa un espazo de encontro (unha especie de lar), un trampolín literario (como acabo de dicir) e un referente literario en Madrid, mais non o único, senón un máis na cadea deles que houbo en Madrid ininterrompidamente desde o Rexurdimento galego no século XIX.

2. PROCEDENCIA DOS MEMBROS DO GB E CONSECUENCIAS NA CUESTIÓN DA IDENTIDADE

Para proseguir no entendemento da esencia do GB é preciso ademais comprender cal é a procedencia dos seus membros, pois non todos son galegos e, por tanto, a etiqueta que xa utilicei anteriormente de *poetas de expresión galega* cobre pleno sentido neste contexto.

En principio, pódense distinguir catro grupos de procedencia:

1. Nacidos en Galiza e emigrados en Madrid (Vicente Araguas, Manuel Pereira)
2. Fillos de galegos que viviron, ou non en Galiza (Ana Cibeira)
3. Fillos de galego-falantes de fóra de Galiza (Xavier Frías e Viqui Veiguela)
4. Alógrafos (Luis Luna)

Dado que algúns dos poetas non son galegos de nacemento, podemos afirmar que algúns dos membros do GB non teñen interese pola cuestión identitaria. Isto é moi importante, dado que o GB non é un colectivo de escritores xurdidos ao fío do exilio como aconteceu cos que pasaron boa parte da súa vida na Arxentina, senón un colectivo heteroxéneo de escritores unidos por unha lingua, mais non por unha procedencia común. Isto non quere dicir que non haxa elementos identitarios galegos nalgúns dos autores, porque os hai, mais non se pode tomar a cuestión identitaria como un trazo fundamental do GB. Con todo, convén ter presente que escritores como Vicente Araguas e Fermín Bouza son un nexa con movementos anteriores (particularmente o Brais Pinto) ao GB,

comprometidos na loita contra o franquismo, de xeito que eles serven, como dicía, de elo con todo o movemento literario galego anterior.

O que si queda claro é que Madrid, como aconteceu xacando con Buenos Aires, é un polo de creación literaria galega, como tamén o é en certa medida Barcelona, co cal non todos os polos da creación galega están na propia Galiza (nomeadamente Vigo, Santiago e A Coruña).

Atreveríame mesmo a afirmar que o feito de o GB non ser un grupo literario primordialmente identitario non favorece que os seus membros sexan, non xa canonizados, senón admitidos con normalidade no elenco de escritores en lingua galega na maioría dos casos. Para boa parte do sistema literario é inaceptábel que se faga literatura en galego desde Madrid, de aí o ostracismo ao que se ve sometido o GB.

Tal situación tenta ser superada por medio da autopromoción, algo que vén tendo lugar desde os inicios do GB, cando o colectivo quitou libros colectivos ou até coleccións literarias (nomeadamente poéticas).

3. ACTIVIDADE LITERARIA DO GRUPO BILBAO ENTRE 2004-2012: ALCÁLIMA

Foi ben estudada a actividade literaria do grupo até 2002, mais despois desa data xa non se atopan estudos que fagan referencia aos traballos editados. A colección *O Roibén* chega até ese ano 2002, sempre co seu formato de caderno, mais entre 2004 e 2010 viviu unha pequena colección de libros de poesía vinculada tamén ao GB chamada *Alcálima*, iniciada por Rafael Yáñez e Xavier Frías, á que despois se uniu Luis Luna. O nome *Alcálima* é unha adaptación da palabra árabe *alkallima* que significa «a palabra».

Toda a colección foi editada baixo o selo editorial *Romania Minor*, á diferenza do que acontecera con *O Roibén*, que foi publicada so distintos selos editoriais ao longo da súa existencia. Non pretendo facer unha presentación exhaustiva dos títulos, tan só unha breve presentación de cada un deles, xunto con algúns datos cronolóxicos. Cómpre dicir, ademais, que esta foi unha colección onde a maioría dos autores son alleos ao GB, con maioría de textos bilingües, que pretendeu ultrapasar fronteiras literarias e lingüísticas. En 2010 a colección foi dada por concluída.

3.1. Sos ogros de sa terra / Os ollos da terra

Trátase dun poemario bilingüe sardo-galego de Xavier Frías Conde, publicado en setembro 2004. Consta de 48 poemas cunha temática básica de amor-desamor habitual neste autor. Os poemas carecen de título, só veñen introducidos por un número. A métrica dos poemas é moi variábel. Con este libro édítase poesía en sardo por primeira vez en España.

3.2. Musica in segretu/ Música en segredo

Poemario bilingüe de Chiara Teresa Perra, autora en sardo e italiano, publicado en setembro 2004. Os poemas están escritos en sardo campidanés algúns en italiano outros, mais con tradución para galego de Rafa Yáñez. O libro consta de 17 poemas nun ton intimista, que supón unha reflexión sobre a propia vida da autora. A métrica é moi variábel e presenta unha lectura áxil e agradábel.

3.3. Verba et terra

Este poemario resultou un volume colectivo en que participaron 4 poetas de expresión catalá (Teresa Colom, Sebastià Alzamora, Manuel Gibert, Hèctor Bofill) e dous de expresión galega (Rafa Yáñez e Xavier Frías). O libro foi parte dun proxecto de difusión da poesía en catalán e galego entre estudantes checos de Praga, promovido polo Lectorado de Catalán da Universidade Carolina de Praga, grazas ao bo facer de Andreu Bauçà. Os textos son bilingües catalán-checo por un lado e galego-checo polo outro, sendo os tradutores estudantes da propia universidade. O libro foi publicado en marzo de 2005 e presentado en abril dese mesmo ano no Café Montmartre da capital da Chequia. A edición de Romania Minor neste caso foi unha coedición co Goberno de Andorra.

3.4. Baño de po

De Inma Pérez Rocha, autora galega orixinaria d'A Guarda, na altura estudante de doutoramento en Praga, co cal se pode apreciar que esta colección tivo —como tamén se verá máis abaixo con Ernesto Delgado— un forte vencello coa capital checa. Trátase do primeiro poemario monolingüe da colección dunha autora galega. Publicado en agosto de 2005, o poemario, integramente en galego, consta de 39 poemas, só con numeración, sen título. Esta autora xa traducira o poeta romanés Eminescu para *O Roibén*, co cal tiña algunha relación co Grupo Bilbao. O poemario conta cunha métrica desigual, ás veces extremada, con, por exemplo, un poema longuíssimo como o número 22, que alterna con outros brevísimos.

O título do poemario vénlle dado polo primeiro verso do primeiro poema. Ademais, atópanse dous temas predominantes: a lembranza do pasado e a invocación do amor, mais entrambos aparecen decote mesturados. Neste sentido, os poemas de amor son probabelmente os mellores.

3.5. Pomalé more

É o segundo poemario de Xavier Frías Conde nesta colección, publicado en setembro de 2005. Trátase de 47 poemas, de versificación moi breve na maioría dos casos, que ás veces se reduce a aforismos, achegados ao haiku. O libro é

todo el un experimento lingüístico (os poemas alternan en 8 idiomas: español, galego, portugués, italiano, alemán, inglés, francés e catalán). O título é en checo, mais ese idioma non aparece nos poemas. O poemario é, con todo, continuísta coa poética de Frías Conde durante a primeira década do s. XXI, onde o tema predominante continúa a ser o amor (aínda que aquí aparece menos o desamor).

3.6. Poemas do tempo silenciado

De Miguel Barrera (poeta vinculado ao GB), publicado en maio de 2006. Consta de arredor de 45 poemas, cun ton lixeiro de canto á terra. As máis das composicións fan referencia a súa Terra Chá natal, mais nalgunha ocasión canta a Madrid. O poeta faise preguntas sobre a súa propia existencia, sobre o seu devir, ao tempo que bota a vista atrás, cara á terra que o viu nacer, alí onde aparentemente procura as respostas. Os versos ao longo do poema son de moi distinta longura. Hai algún poema moi breve, de catro versos, até outros abondo longos divididos en dúas partes.

3.7. Visiones de Praha /Pražské pohledy

De Ernesto Delgado Baudet (1961-2010), publicado en maio de 2009 —hai daquela un salto de 3 anos sen edicións. Trátase dun poemario bilingüe español-checo (a versión española fora xa previamente publicada en 2000). Este libro é un poemario integramente dedicado á cidade de Praga. Trátase dun volume especial na colección pois aparece o español coma lingua de partida. É un libro delicioso, harmónico, intelixente, que recolle perfectamente o ambiente máxico da capital checa.

3.8. Atlantopía

Este é un libro colectivo de poetas canarios, en edición bilingüe español-galego, onde se tentou presentar ao público galego unha mostra da poesía canaria. Foi publicado en 2009 e a versión galega dos poemas é de Xavier Frías. Os poetas antologados son: Fermín Higuera, Alicia Llarena, Elica Ramos, Fernando Senante, Ernesto Suárez, Ernesto Delgado (ademais prologuista) e Coriolano González. Este libro supón un retorno ás obras colectivas. Cómpre, ademais, entender que se trata dunha especie de encontro entre *periféricos*, interpretando que a literatura feita desde Canarias é tan periférica como a feita desde Madrid, aínda que a primeira teña o castelán como lingua vehicular.

3.9. Vestida de domingo

De Fátima N. Delgado (vinculada ao GB), foi publicado en 2010, tratándose xa que logo do derradeiro libro da colección. Este poemario individual cons-

ta de varias partes que recollen distintos traballos da autora ao longo dunha década: a primeira é *Verbas Tísicas* e recolle poemas entre 2000-01; a segunda é *Ninfopoéticas*, de 2002; a terceira é *Vou xogar ao fútbol coas letras do abecedario*, de 2004, que é o poemario que gañou o V Premio Díaz Jácome de Mondoñedo para novos creadores; a seguir vén *Trinta*, de 2007; o seguinte é *Os ovarios da dragona*, de 2005-06 e finalmente *Ouveos*, de 2010.

Visto que se trata dunha escolma da produción da autora ao longo de dez anos, o poemario é moi heteroxéneo, tanto pola temática, canto pola forma dos versos (chega a dispor os versos no papel creando figuras, mais sen chegar á poesía gráfica).

4. OUTRAS PUBLICACIÓNS COLECTIVAS A PARTIR DE 2010

Trátase de tres libros colectivos, publicados en 2010, 2011 e 2012, sempre con motivo das Letras Galegas. Trátase dos seguintes libros en orde cronolóxica: *Marés nos pousos do café* (2010), *Madrid foi unha praia de baleas entre néboas* (2011), *Bilbao* (2012). Estes tres libros veñen sendo xa unha tradición arredor da festa das letras galegas de cada ano, de maneira que os libros son presentados no contexto da celebración dos actos conmemorativos do 17 de maio.

4.1. Marés nos pousos do café

Publicado en 2010, é o primeiro poemario colectivo despois de moitos anos de inactividade colectiva (ao menos desde 2004), cando xorde un novo impulso en prol da literatura galega en Madrid desde a UNED (área de Filoloxía Iberorrománicas) e a UCM (área de Filoloxía Románica). A cooperación entre estes dous departamentos universitarios madrileños vai funcionar como catalizador para un relanzamento das actividades literarias galegas en Madrid. No libro participan: Vicente Araguas, Miguel Barrera, Ana Cibeira, Xurxo Fernández, Xavier Frías, Luis Luna, Manuel Pereira, Begoña Regueiro e Rafa Yáñez.

Entre os autores atópanse voces novas, como Ana Cibeira ou Begoña Regueiro. Conta, ademais, cun prólogo de Asunción Canal.

4.2. Madrid foi unha praia de baleas entre néboas

O segundo libro colectivo está composto por unha recompilación de microcontos, un xénero que o grupo non practicou como tal, mais que xurdiu como proposta. Cada unha das micro-estorias vai acompañada dunha tradución para español, inglés, italiano e alemán. Cada autor fornece un único texto.

Hai algunhas voces novas e outras recuperadas desde hai moitos anos. No volume participan: Vicente Araguas, Ana Cibeira, Xavier Frías, José Galán, Pi-

lar Mera, Xurxo Martíns, Manuel Pereira, Begoña Regueiro e Marga Vázquez. O prólogo é, neste caso, de Luis Luna.

4.3. Bilbao

Trátase da grande antoloxía poética do Grupo Bilbao, tanto tempo abortada e que, por fin, sae do prelo en versión bilingüe galego-español en 2012. O libro é coordinado por Xavier Frías e Luis Luna (con estudo introdutorio deste último) e publicado por Amargord.

Esta antoloxía —ou polo menos este título de antoloxía— xa roldaba a finais dos anos 90, mais non puido ser. Tras moitos esforzos, conseguiuase tela preparada para a celebración dos 15 anos de historia do grupo. Na antoloxía recupéranse algúns dos autores fundacionais do GB, como Victoria Veiguela ou Verónica Martínez, ningunha das cales vive xa en Madrid desde hai moitos anos.

5. CONCLUSIONES

Non está todo dito do GB. Queda moito por dicir, certamente, mais tamén é certo que o GB non é unha historia fechada, porque, aínda que ten e tivo momentos de descenso, tamén é certo que remonta. Desde 2010 parece que está nun momento de subida, embora non sexan tan espectaculares como os anos da mudanza de século. Como grupo dinámico que é, por el pasan autores que deixan a súa pegada e, en moitos casos, marchan. Outros chegan. En todo caso, nada do feito se ten diluído nin esvaecido.

Xa quedou dito que o GB é un grupo de fronteira, coas súas particularidades por se tratar de poetas de expresión galega en Madrid, o cal os torna substancialmente diferentes dos poetas de expresión española nos Estados Unidos. Tamén é certo que non todos os escritores de expresión galega que viven en Madrid están vinculados ao Grupo Bilbao, porque, de feito, non se ten establecido uns criterios ou normas para afirmar que escritores son ou non son do GB, porque non é algo institucionalizado.

Ademais diso, non se pode negar a estreita relación entre o faladoiro mensual do Café Comercial que deu lugar ao nacemento do grupo (a finais de 1996) e o propio grupo, mais si é certo que, malia seren dous elementos moi relacionados, son distintos, separábeis, pois non todos os tertulianos fan parte do grupo, nin todos os escritores do grupo frecuentan os faladoiros.

En todo caso, os novos estudos que están a chegar acerca do grupo e dos seus membros serán benvidos porque supoñen avanzar no coñecemento dunha parte fundamental da literatura galega, aquela que foi escrita e concibida fóra das súas fronteiras administrativas, mais non por iso inferior á que se creou e concibi na propia Galiza.

BIBLIOGRAFÍA

- Acuña, A. (2000) «Poesía galega en Madrid: o grupo poético Bilbao», en Dieter Kremer (coord.). Actas do VI Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidad de La Habana. Facultad de Artes y Letras. Cátedra de Cultura Gallega. 17 a 21 de abril do 2000, 2, pp. 515-532.
- Frías Conde, F.X. (2007) «Poesía Gallega Contemporánea en Madrid. El grupo Bilbao, Madrid», en Cuadernos del Ateneo, pp 71-110.
- Luna, L. (2010) «A colección O Roibén, vreiro de expresión poética do Grupo Bilbao», en Revista de Lenguas y Literaturas Catalana, Gallega y Vasca, pp. 89-101.

